

O PR-G 196 percorre a parroquia de San Miguel de Castro, dominada polo xacemento arqueolóxico do Coto e bañada polo río Ulla.

No inicio é de salientar a capela de Nosa Señora das Angustias, fundada en 1707 na Albergaría e trasladada en 1880 ao Seixo, así como o antigo Camiño Real polo que transcorre a Vía da Prata cara a Santiago de Compostela.

A igrexa románica de San Miguel de Castro figura na doazón que no ano 1115 fixo Dona Urraca á Igrexa de Santiago. Desta época conserva á ábsida e o arco triunfal. En 1904 descubríronse pinturas murais que cubrían as paredes da nave e da cabeceira, ocultas na actualidade baixo unha capa de cemento e a cal.

Ademais, destacan o miradoiro do castro, a hórrea de Prado e varias casas tradicionais, as pontes do tren de Gundián e a vexetación de ribeira do río Ulla.



Pontes de Gundián





Hórrea de Prado



Igrexa de San Miguel de Castro



PR-G 196

# ruta de castro

Ruta sinalizada

mapa
escala 1 : 15000

Concello da Estrada








- continuidade do sendeiro
- derivación
- cambio de dirección
- dirección equivocada




# MIDE ruta de castro

| | |
|---|---|
| horario | 4 h |
| desnivel de subida | 382 m |
| desnivel de baixada | 382 m |
| distancia horizontal | 11,20 km |
| tipo de percorrido | circular |

Cambios de cota e caudal do río Ulla

Condicións para todo o ano, tempos estimados segundo criterio MIDE, sen paradas. Atención ao caudal do río Ulla en epocas de chuvias continuadas

| | |
|---|---|
| 3 | severidade do medio natural |
| 2 | orientación no itinerario |
| 3 | dificultade no desprazamento |
| 3 | cantidade de esforzo necesario |

Cartografía: Folla 0121-1 © Instituto Geográfico Nacional

**perfil ruta**




**perfil derivación**




| | |
|---|---|
| MEDIO<br>Severidade do medio natural | 1 O medio natural non está exento de riscos<br>2 Hai máis dun factor de risco<br>3 Hai varios factores de risco<br>4 Hai bastantes factores de risco<br>5 Hai moitos factores de risco |
| ITINERARIO<br>Dificultade de orientarse no itinerario | 1 Camiños e encrucilladas ben definidos<br>2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade<br>3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais<br>4 Esixe técnicas de orientación e navegación fóra de traza<br>5 ... é interrompida por obstáculos que hai que bordear |
| DESPRAZAMENTO<br>Dificultade no desprazamento | 1 ... superficie lisa<br>2 ... camiños de ferradura<br>3 Marcha por sendas graduadas ou terreos irregulares<br>4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio<br>5 Require pasos de escalada para a progresión |
| ESFORZO<br>Cantidade de esforzo necesario | 1 Ata 1 h de marcha efectiva<br>2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva<br>3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva<br>4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva<br>5 Máis de 10 h de marcha efectiva |

Calculado segundo criterios MIDE para un excursionista medio pouco cargado

## Puntos de Interese

1. Pontes de Gundián
2. Ribeira do Ulla
3. Castro e miradoiro
4. Camiño de Santiago
5. Igrexa de San Miguel de Castro

**Sendeiro sinalizado**
**Ano de homologación** 2016
**Promotor** Concello da Estrada
**Entidade homologadora**
Federación Galega de Montañismo

**teléfono emerxencias**
**112**

**Descarga o track e infórmate sobre onde comer, durmir, que visitar... en www.turismo.aestrada.com**
**O Concello da Estrada trata de fomentar o turismo responsable. Goza da natureza sen alterala.**

CONCELLARÍA DE SANIDADE, TURISMO E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO
F. G. M.

PRG_196
Ruta de Castro
Ruta homologada no ano 2017